

Como representantes dun importante colectivo de profesores desta Universidade queremos manifestar a nosa satisfacción polo inicio da elaboración de un Plano de Calidade Docente que consideramos imprescindible para dar cumprida resposta ás demandas que a Educación Universitaria actual nos plantexa.

O plano que se nos presenta é indubidablemente moi ambicioso xa que, estruturado en 7 Programas (Recursos, Planificación da Actividade, Avaliación do Rendemento, Avaliación da Actividade Docente do Profesorado Avaliación da Actividade do Alumnado, Innovación Docente e Relacións co entorno social), contempla tódolos aspectos implicados na docencia. Cada un destes programas está dividido en subprogramas nos que se prevé considerar os distintos aspectos de análise da situación actual, criterios de valoración e accións de mellora en cada un dos aspectos anteriores.

O feito de que non estean definidos todos os programas anteditos nin os correspondentes subprogramas, lévanos a manifestar que non é factible neste momento facer unha análise global do mencionado plano. Somentes cabe consideralo como unha excelente declaración de intencións á espera de ser desenvolvido e desexando que en tal proceso de desenvolvemento se permita a participación de toda a comunidade e se aclaren obxectivos concretos a conquistar, avaliacións baseadas en estimadores e secuencias de varios anos, avaliacións colectivas e, por suposto, propostas concretas de mellora.

Polo tanto, entendemos que nesta etapa compre presentar alegacións á unha parte do plano de calidade, concretamente, ó procedemento de valoración anual-centro e da valoración anual-profesor, é nesta última no que propoñemos as seguintes modificacións:

ALEGACIÓNS Ó PROCEDEMENTO PARA A VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE DO PROFESORADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

1. O procedemento debería chamarse *Valoración da Actividade Docente e de Xestión Anual – Profesor (VADX)*.

Xustificación: o procedemento inclúe aspectos das actividades de xestión do profesorado (non remuneradas). Véxanse os indicadores I2, I5, I9.

2. Proponemos un peso do 40% para os indicadores I1 e I4 e do 20% para o indicador I7. Isto é:

I1 e I4 favorable = 4 ptos.

I1 e I4 favorable con reservas = 2 ptos.

I1 e I4 desfavorable = 0.5 ptos.

O indicador I7 será dun máximo de 2 ptos.

Xustificación: Entendemos que a opinión dos responsables do cumprimento das tarefas do profesorado (centro e departamento) debe ter maior peso ca opinión do alumnado.

3. Proponemos unha modificación da fórmula para o cálculo da valoración global. Isto é:

- coeficiente A = 70%
- o segundo sumando obteríase por acumulación das puntuacións obtidas nos indicadores I2, I3, I5, I6, I8, I9 e I11 ata un máximo de 3 ptos. De tal xeito que cando a suma destes indicadores sexa menor que 3 puntos, o valor do segundo sumando será a debandita suma de indicadores (I2 + I3 + I5 + I6 + I8 + I9 + I11). Cando esta suma sexa maior que 3 puntos, o valor do segundo sumando da fórmula será de 3 puntos.

A fórmula final sería a seguinte:

$$VADX_profesor = (I1 + I4 + I7) \cdot 0,7 + \text{mínimo}(B, 3)$$

Sendo $B = I2 + I3 + I5 + I6 + I8 + I9 + I11$

Sendo mínimo (B, 3) o valor mínimo entre (I2 + I3 + I5 + I6 + I8 + I9 + I11) e 3 puntos.

Xustificación: co sistema plantexado no borrador de Plano de Calidade docente, parece imposible acadar a puntuación máxima. Coa modificación que se propón, un profesor pode acadar os tres puntos no segundo sumando sempre que na suma dos indicadores I2, I3, I5, I6, I8, I9 e I11 acade alomenos 3 puntos. E isto significa que non é necesario ter puntos en todos estes indicadores para acadar a máxima puntuación.

4. No indicador I2, substituír “Pertenza e asistencia relevante a comisións estables...” por “*Pertenza e asistencia dun mínimo do 75% das convocatorias, salvo ausencia xustificada, a comisións estables ...*”

Xustificación: queda aclarado o concepto de “asistencia relevante”.

5. No indicador I5, substituír “Pertenza e asistencia relevante a comisións estables por “*Pertenza e asistencia dun mínimo do 75% das convocatorias, salvo ausencia xustificada, a comisións estables ...*”

Xustificación: queda aclarado o concepto de “asistencia relevante”.

6. No indicador I8, substituír: “atendendo a número de grupos que debe atender e ás horas de clases a impartir” por “*atendendo a número de alumnos, tipo de materia/disciplina (obligatoria, optativa, libre elección), materias/disciplinas de nova impartición (valorarase ata 3 anos dende a súa implantación)*”.

Xustificación: entendemos que os principais aspectos a ter en conta son o número de alumnos, o tipo de materia/disciplina e o feito de ter que preparar e impartir unha materia/disciplina nova.

7. No indicador I9, substituír “pertenza e asistencia a órganos colexiados” por “*pertenza e asistencia dun mínimo do 75% das convocatorias, salvo ausencia xustificada, a órganos colexiados...*”

Xustificación: queda aclarado o concepto de “asistencia”.

8. No indicador I9, substituír “máximo de 0,5 ptos.” por “*máximo de 0,25 ptos.*”.

Xustificación: por coherencia ca valoración dada nos indicadores I2 e I5.

9. Suprimir o Indicador I10

Xustificación: son actividades con remuneración, do mesmo xeito que non se valoran os cargos académicos unipersonais que tamén teñen unha remuneración.

10. Substituír no indicador I11 “...de educación superior e intercambio Erasmus ou similares centralizados.” por “*...de educación superior, titorización de estudantes Erasmus (tanto propios como alleos), de promoción e coordinación de acordos de intercambio Erasmus ou similares centralizados.*”

Xustificación: Incluir aspectos non especificados no indicador I11.

11. Substituír no indicador I13 “ A valoración deste apartado será: dun máximo de 0,5 por cada ponencia en congreso e de 2 puntos máximo por publicación. O conxunto do indicador non terá unha valoración superior a 4 puntos” por “*A valoración deste apartado será dun máximo de 0,25 ptos. por cada ponencia en congreso e de 0,5 ptos. máximo por publicación. O conxunto do indicador non terá unha valoración superior a 1 pto.*”

Xustificación: darlle unha valoración a este indicador coherente cos demais indicadores do segundo sumando da fórmula para o cálculo da valoración global do profesor.

12. Engadir un novo indicador: Indicador de dirección de Teses Doutorais, Traballos tutelados de doutorado, Tesinas de Grado e Proxectos de Fin de Carreira. Cunha valoración dun máximo de 0,25 por cada dirección ata un máximo de 1 pto. Este indicador incluíriase no segundo sumando da fórmula, concretamente no ítem B que propoñemos na alegación número 3.

Xustificación: Son actividades docentes do profesorado que deben valorarse neste procedemento.